



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Idioma 2, III: Alemán

Materia	Idioma 2, III: Alemán			
Código	V01G230V01307			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Alemán Castelán Galego			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Cortes Gabaudan, Helena			
Profesorado				
Correo-e				
Web	<a href="http://www.moovi.es">http://www.moovi.es</a>			
Descrición xeral	Esta materia parte xa do final do nivel básico en lingua alemá o que permite unha progresión relativamente rápida tanto no dominio gramatical da lingua como no dominio das competencias orais. Darase especial atención á cultura desta lingua, así como a destrezas tradutolóxicas, que servirá como unha boa base para seguir profundando nos coñecementos do alemán do curso anterior, procurando prestar maior atención á progresión das destrezas orais. Ao superar a materia, a/o estudante acadará un nivel A2.1 segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C22	Destrezas de tradución
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
C27	Capacidade de razoamento crítico
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D4	Resolución de problemas
D9	Razoamento crítico
D10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
D15	Aprendizaxe autónoma
D17	Comprensión doutras culturas e costumes

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do segundo idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.	C1 C2	D2
Sentar as bases e desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.	C2 C24 C27	D15
Fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos.	C4 C18 C22	D2 D4 D9
Sentar as bases e desenvolver a comprensión e expresión oral e a correcta expresión gramatical.	C1 C4	D2

Sentar as bases e desenvolver a comprensión dos aspectos fundamentais socio-culturais e de civilización dos países nos que se fala o segundo idioma estranxeiro.

C2  
C25

D10  
D17

## Contidos

### Tema

1. Adjektivdeklination. Fragepronomen für Adjektive. Wiederholung.	1. Städte in Deutschland. Auskunft auf der Strasse.
2. Plusquamperfekt. Nebensätze mit weil, deshalb und dass	2. Verkehrsunfall. Autodiebstahl. Länder- und Städtenamen.
3. Nebensätze mit wenn, wie, ob.	3. Briefe schreiben. Zeitungsanzeigen.
4. Relativpronomen; Relativsätze. Das Adjektiv als Nomen.	4. Familie. Berufe. Einwohnermeldeamt.
5. Komparation der Adjektive. Perfekt der Modalverben.	5. Schule und Ausbildung

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo previo	8	12	20
Resolución de problemas	8	22	30
Seminario	5	9	14
Resolución de problemas de forma autónoma	7	17	24
Actividades introductorias	2	2	4
Lección maxistral	14	40	54
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Estudo previo	Procura, lectura e traballo de documentación, propostas de resolución de problemas e/ou exercicios que se realizarán na aula e/ou laboratorio de forma autónoma por parte do alumnado.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Seguimento e apoio na preparación e realización das tarefas do curso, tanto na aula como fóra dela mediante titorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico.

## Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Valoración continua das prácticas gramaticais, léxicas e traditolóxicas	10	C1 C2 C4 C18 C22 C24 C25 C27 D2 D4 D9 D10 D15 D17

Resolución de problemas de Valoración global das actividades de repaso forma autónoma		10	C1 C2 C4 C18 C22 C24 C25 C27	D2 D4 D9 D10 D15 D17
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame escrito final que versará sobre o contido léxico e gramatical visto no curso. Puntuación: 40% do total da materia	40	C1 C2 C4 C18 C22 C24 C25 C27	D2 D4 D9 D10 D15 D17
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame escrito final sobre o vocabulario e xiros idiomáticos vistos no curso, así como exercicios de tradución inversa de frases y produción escrita autónoma. Puntuación: 40% do total da materia. Ademáis: proba oral de apoio en casos puntuais que o requiran para poder avaliar convenientemente dita competencia (avaliación única y outros casos).	40	C1 C2 C4 C18 C22 C24 C25 C27	D2 D4 D9 D10 D15 D17

## Outros comentarios sobre a Avaliación

### PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

A avaliación e conseguinte cualificación do traballo do alumnado levarase a cabo cun procedemento de **avaliación continua** de acordo coas metodoloxías e porcentaxes descritas máis arriba. Para obter o 20% (máximo) establecido para os traballos de aula e actividades de repaso, atenderase a participación regular e activa na aula, coa entrega de traballos e á valoración da calidade dos mesmos. As probas escritas realizaranse nas datas fixadas no calendario oficial da FFT. A nota final da parte escrita resultará de calcular a nota media entre ambas probas.

O alumnado que non se acolla ao sistema de avaliación continua e escolla a **avaliación única** deberá realizar e superar un único exame escrito final sobre os contidos da materia, que se realizará na data oficial fixada no calendario aprobado pola Xunta da FFT, e máis outro oral noutra data concertada co profesorado para superala: la nota final resultará da nota media obtida en ambas probas.

Tanto no caso da avaliación continua, como da avaliación única, a nota dos exames -escritos e oral- non deberá ser inferior a 5 en cada una das probas para superar a materia. Para poder presentarse á proba oral na avaliación única é necesario ter alcanzado un mínimo de 5 en cada una das dúas probas escritas.

**SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO) Exame teórico-práctico escrito dos contidos do curso polo 100% da calificación, que se realizará na data fixada no calendario de exames aprobado pola Xunta de FFT.**

**ADVERTENCIA: En calquera das convocatorias de exames, o profesorado pode esixir a realización dunha proba oral ou escrita complementaria a aquel alumnado, xa sexa de avaliación continua ou de única que según o seu criterio razoado non demostre suficiente competencia na materia, ou bien por calqueira outra causa, incluída a sospeita de fraude, precise confirmar mellor o seu nivel na materia.**

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

Habersack/Pude/Specht, **Menschen A2.1. Deutsch als Fremdsprache. Kursbuch**, 2013,

Breitsameter, **Menschen A2.1. Deutsch als Fremdsprache. Arbeitsbuch Grammatik**, 2013,

### Bibliografía Complementaria

Schulz / Griesbach, **Deutsche Sprachlehre für Ausländer. Grundstufe in einem Band (S. 87-126)**, 13. Edición. Año 2000,

## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Idioma 2, IV: Alemán/V01G230V01407

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 2, II: Alemán/V01G230V01207

---

### **Outros comentarios**

Recoméndase ter coñecementos básicos do idioma alemán (A1.1., A1.2.)

Recoméndase a asistencia ás clases e o traballo regular.

Recoméndase a asistencia ás clases e o traballo regular, así como o uso dos recursos da biblioteca.

Recoméndase ademáis ter en conta os dous aspectos seguintes:

1. A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.
  2. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.
-